

**Sra. XERENTA DA ÁREA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
DIRECCIÓN DE RECURSOS HUMANOS
DIRECCIÓN DE RECURSOS ECONÓMICOS
DIRECCIÓN DE ENFERMERÍA**

Segundo a información que se publica hoxe na prensa médica e non médica, o Ministerio de Sanidade enviou a todas as Comunidades Autónomas unha alerta sanitaria, para que procederan á retirada inmediata de todas as mascarar “Garry Galaxy” contidas en envases verdes.

Temos constancia que estas máscaras estanse a utilizar nos centros sanitarios desta Área Sanitaria, en unidades de hospitalización e de urxencias; polo que, o persoal estivo sometido a un posíbel contaxio, cunha falsa protección.

Ante esta situación, desde CIG-SAÚDE exiximos:

- Que se proceda á inmediata retirada deste material.
- Que se identifique a todo o persoal que estivo en exposición de risco, cunha falsa protección, e se proceda de inmediato á realización do test que corresponda.

Agardamos que se tomen estas medidas coa maior dilixencia posíbel.

Atentamente.

Compostela, 17 de abril de 2020.



Antonio Ramos Benito
Delegado de PRL



Xabier Alvedro Álvarez
Delegado de PRL